

NECESIDADE DA REVISIÓN DO LÉXICO GALEGO DA EDUCACIÓN FÍSICA E O DEPORTE

José Ignacio Salgado López
IES Leliadoura de Ribeira
inhaqui@edu.xunta.es

Resumo: No presente traballo repásase a situación do léxico galego específico da Educación Física (EF) e do deporte, ao tempo que se realiza unha crítica das diferentes propostas xurdidas sobre o tema. Reflexiónase ademais sobre as posibilidades do uso do galego como lingua científica no campo da Ciencia da Motricidade Humana. Detémonos especialmente no léxico referido á EF, apenas desenvolvido, o que xera problemas para o seu uso normalizado dentro do ámbito escolar. Finalmente avogamos pola necesidade da elaboración sistematizada de vocabularios deste campo léxico que faciliten o labor aos profesionais que queiran desenvolver o seu traballo no noso idioma, ámbito no que se torna fundamental a colaboración entre lingüistas e técnicos especialistas neste campo.

Palabras chave: terminoloxía, deporte, educación física.

Title: The lexicon of sport and physical education in Galician: a need to review.

Abstract: In the present work, the situation of the specific Galician lexicon of Physical Education (PE) and sports is reviewed. It also criticizes the different proposals on the subject that have arisen. Moreover, it reflects on the possibilities of the use of Galician as a scientific language in the field of the Science of Human Motricity. We focus especially on the PE lexicon, barely developed, which creates problems for its normalized use within the school environment. Finally, we advocate the need for the systematic elaboration of vocabularies in this lexical field to facilitate the work of professionals who wish to develop their work in our language, work for which the collaboration between linguists and specialists in this field is essential.

Key words: Terminology, Sport, Physical Education.

1. INTRODUCCIÓN

Este traballo parte da necesidade de contar cun corpus referencial de termos específicos en galego que nos permita desenvolver nesta lingua o labor de docente de Educación Física (EF) e de investigador no campo das Ciencia da Motricidade Humana.

Álvarez Villar (2007: 131) xa puxera de manifesto que non existe unha proposta terminolóxica para o campo léxico do deporte na lingua galega, salvo as achegas de Fernández Salgado (1988a, 1988b) e Novo Folgueira (1988, 1998). A estas habería que engadir agora as presentadas pola propia Álvarez Villar (2007) e as recollidas na web “galego.org” para o ámbito do fútbol; as de Álvarez Villar (2010) no campo léxico dos deportes náuticos; o léxico multilingüe da bicicleta coordinado por Célestin e Darras (2012); as propostas realizadas desde un punto de vista xenérico de Pérez Froiz (2006) xunto coas recollidas no *bUSCatermos* do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela (2014a); e, por último, as coordinadas por Carlos Garrido dentro da Comissom Lingüística da AGAL (2015) e da Associação de Estudos Galegos (2016a, 2016b), centradas no fútbol e baloncesto.

Agora ben, se nos fixamos nos traballos de tipo xeral, non centrados nunha modalidade específica, vemos que as propostas resultan totalmente insuficientes tanto polo número de termos como polo enfoque dos mesmos. Así, os tres traballos nos que participaron Novo Folgueira, Rivas Casal, e Pérez Froiz presentan un claro enfoque cara ao seu uso xornalístico, e unha gran parte dos termos están referidos ao espectáculo deportivo (de feito, o primeiro deles realizárase para dar resposta ás necesidades xurdidas coa aparición das retransmisións deportivas na TVG, nos finais dos anos 80). Isto, se ben non os invalida, sitúa estes traballos lonxe das necesidades reais da práctica diaria da docencia da Educación Física (EF) ou da investigación no ámbito das prácticas motrices.

Por outra banda, as solucións sinaladas polo *bUSCatermos* tampouco poden satisfacer as necesidades dos profesionais do campo da motricidade xa que,

- por un lado o seu número é moi exíguo: a 15 de maio de 2017 había rexistradas 279 entradas na “área temática xeral” de “Deporte e lecer” e tan só 204 na “área temática detallada” de “De-

porte”. É mais, a 24 de xullo de 2014 esas mesmas entradas eran 240 e 180 respectivamente, o que indica que, se ben foi un pobre avance neste campo ao longo de case tres anos, o certo é que o traballo está en marcha. De feito, en 2019 o número de rexistros nas dúas entradas é xa superior.

- por outro, algunhas das solucións non parecen as máis axeitadas. Por exemplo, a proposta do termo *estiradas* para referirse a exercicios de alongamento muscular (en inglés *stretching*), ignorando con isto as recomendacións marcadas pola Real Academia Galega (RAG) no prefacio das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego (NORMIG) de 2003 en canto á necesidade de manter a referencia do portugués para a construción dos termos técnicos, neste caso *alongamento*¹. Outras desas solucións son, cando menos, criticábeis desde o punto de vista técnico, como sería o caso do termo *poldro*, que mestura a definición de dous aparellos ximnásticos distintos, que en portugués son denominados como *bock* e *cabalo de saltos* e en español como *potro* e *caballo de saltos*.

Esta situación contrasta fortemente coa existente en Cataluña, que posúe desde hai anos un forte desenvolvemento terminolóxico no eido da EF e do deporte. Isto talvez pode deberse á influencia da celebración das Olimpíadas de 1992 en Barcelona, onde se utilizou o catalán como lingua cooficial en todos os eventos, pero sobre todo á existencia dunha institución como é o Instituto Nacional de Educación Física de Catalunya (INEFC), comprometido desde a súa creación coa normalización do catalán no eido científico da EF e o Deporte. Mostra deste compromiso é a revista trilingüe catalán-español-inglés *Apunts de educació física i sports*, publicada polo INEFC e a Generalitat de Catalunya desde o ano 1985 e que é hoxe unha das máis prestixiosas neste campo e a de maior impacto dentro de España.

Poderíamos mesmo dicir que, no que se refire á lingua galega dentro do ámbito deportivo, o intre histórico no que nos atopamos

1 É mais a 19 de marzo de 2018 o Dicionario en liña da RAG non recolle nin o termo *estiramento* nin a acepción de *estiradas* neste sentido, aparecendo este último termo vinculado a unha acción dos gardametas, ao igual que o fai no dicionario Digalego da Xunta de Galicia.

é o dun necesario “re-rexurdimento”, xa que nos campos lexicais referidos á EF e o Deporte apenas existe tradición escrita ou estudos que favorezan o seu desenvolvemento, o que poderíamos ver paralelo a aquela época na que se impulsou o florecemento da nosa lingua no século XIX. Ademais disto, as mudanzas neste tempo son tan rápidas que obrigan á creación continua de neoloxismos. É unha boa mostra disto no noso caso a terminoloxía dos deportes de aventura: *rafting, kitesurf, skimboard* etc...

2. POR QUE REDACTAR ESTUDOS CIENTÍFICOS EN GALEGO?

Hoxe en día é aceptado que, na práctica, o idioma da ciencia por excelencia é o inglés, que actúa, deste xeito, como unha lingua franca. Polo tanto, a resposta á pregunta que dá título a esta epígrafe ten que partir inevitabelmente da crítica a esta realidade sociolingüística. Neste sentido, os españois-falantes adoitan defender a utilización da súa lingua en función do seu número de usuarios. Agora ben, esquecen que eses falantes se concentran maioritariamente en países considerados menos desenvolvidos no campo da ciencia, o que empobrece tal xustificación.


É claro que o caso do galego non se pode comparar ao do español, xa que está circunscrito unicamente ao ámbito xeográfico galego. Porén, a importancia fundamental da “ciencia en galego” é a de colaborar a normalizar a nosa lingua en todos os ámbitos da sociedade. Neste sentido estaríamos actuando na liña marcada polo INEFC que sinalabamos no punto anterior ao referírmonos ao caso de Cataluña.

Ademais, é obvio que o galego presenta unha vantaxe competitiva de importancia fronte a outras linguas minoritarias ou minorizadas, como é a posibilidade de abrirse á comunidade lusófona. Isto permítenos argüír unha xustificación do uso do galego nos estudos científicos paralela á que poden realizar os que se ocupan do español ou francés en cuanto a número de falantes. Así, como dixemos, desde o noso punto de vista, hoxe por hoxe, está claro que os usos científicos converteron o inglés en lingua franca na ciencia e única que, talvez, asegure certo impacto internacional tal como

están marcados os estándares neste eido (sendo máis claro isto nunhas áreas ca noutras). Polo tanto, no campo concreto da EF pode ter tanto valor o uso do español coma o do galego, sempre e cando se aproxime ao portugués (outra cuestión sería o relativo ás normas que cada publicación mantén).

Fronte a isto, a realidade é outra ben distinta. A redacción de estudos científicos no campo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte é realmente insignificante. A mostra máis clara é que até 2019 o número de teses de doutoramento defendidas na nosa lingua dentro das Universidades da Coruña e de Vigo (únicas con estudos superiores de EF e programas de doutoramento) foi tan só de oito, dun total de 113. Isto sitúa o uso da nosa lingua na investigación de terceiro ciclo por debaixo incluso do portugués.

Estes datos toman como fonte a base de datos Teseo do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. A busca centrouse nos departamentos e programas de doutoramento directamente implicados coas áreas de coñecemento de Educación Física e Deportiva e Didáctica da Expresión Corporal. Afondando nos datos (táboa 1), pódese observar que os resultados nas dúas universidades son



Linguas empregadas nas teses de doutoramento dentro das Ciencias da Actividade Física e do Deporte nas universidades galegas até outubro do 2019.

moi parellos no uso do galego, se ben na de Vigo hai unha maior produción en portugués e na da Coruña en inglés. A xustificación destas diferenzas no caso da Universidade de Vigo hai que buscala na proximidade á fronteira portuguesa, o que facilita a presenza de estudantes procedentes do país veciño. Pola súa parte, no caso da Universidade da Coruña a maior produción en inglés está relacionada coa existencia dun relevante grupo de investigación de enfoque biomédico centrado no ámbito do control motor, campo no que o inglés resulta lingua estándar.

| | Departamento ou programa | Total | Galego | Portugués | Inglés | Español |
|--------------------|--|-----------|----------|-----------|----------|-----------|
| UdC | Ciencias da Actividade Física e do Deporte | 8 | 1 | | | 7 |
| | EF, Deporte e Educación para a Saúde | 13 | | 2 | 1 | 10 |
| | Departamento de EF e Deportiva | 17 | 1 | 2 | | 14 |
| | Total UdC | 38 | 2 | 4 | 1 | 31 |
| UV | Departamento de Didácticas Especiais | 41 | 2 | 4 | 1 | 34 |
| Total xeral | | 79 | 4 | 8 | 2 | 65 |

Esta situación é aínda máis desmoralizante se cabe que os datos que presentan a nivel xeral na universidade. Así por exemplo, segundo o seu Servizo de Normalización Lingüística (2014b), na Universidade de Santiago de Compostela, as teses defendidas en español no 2019 foron un 57% e en galego tan so un 9%

Táboa 1: Número de teses do ámbito da Motricidade lidas en cada universidade galega.

(historicamente estas nunca superaron o 15%). Agora ben, neste caso os datos están moi influídos polas teses realizadas no campo da filoloxía galega. Con todo, resulta rechamante que exista incluso un

índice superior de teses defendidas en inglés (30%), porcentaxe que aumenta ano tras ano a costa das redactadas en español, seguindo a tendencia xeral do ámbito científico.

Sexa como for, o que queda claro é que, no campo científico, os investigadores non teñen en mente o uso do galego como lingua vehicular dos seus achados, a pesar de poder contar coa colaboración de asesoramento lingüístico dos SNL das respectivas universidades, que incluso convocan anualmente axudas económicas para os traballos redactados en galego.

3. PROBLEMAS DO LÉXICO ESPECÍFICO DA EF E DOS DEPORTES

Un dos problemas aos que nos temos que enfrontar á hora de definir un léxico galego dentro do campo científico da EF e o deporte é a influencia que nel ten a lingua coloquial e, por extensión, os medios de comunicación que, no noso país, están maioritariamente en español². Este non é un feito exclusivo desta área, pero nela maniféstase, baixo o noso punto de vista, esta influencia dunha maneira significativamente maior que noutros campos. Isto é debido a que o deporte é un fenómeno de masas, estendido entre todas os estratos sociais (Cagigal 1985), o que favorece a aparición de termos locais, de argot, e mesmo modas. Esta variabilidade dificulta a necesaria “universalidade” da linguaxe científica (Garrido 2011). É máis, o baixo desenvolvemento científico no ámbito das prácticas motrices fai necesario que os investigadores tomen os termos do propio rexistro coloquial, ao carecer doutros propios. Deste xeito, na creación do léxico da EF e do deporte recórrase o camiño contrario a outras ramas da ciencia, sobre todo as tecnolóxicas, onde é a investigación a que xera o neoloxismo que a sociedade remata por admitir.

Desde o noso punto de vista, este debería ser precisamente o criterio básico, xa que o feito de optar por un léxico “castelanizante”

2 Para Vázquez Morandeira (2012: 310) o primeiro xornal deportivo en galego de difusión en toda Galicia foi *Terceiro Tempo*, que comezou a súa andaina no 1993.

dificultará aínda máis a penetración dos traballos científicos na comunidade internacional. É dicir, un español-falante rexeitará os estudos feitos en galego por ser unha lingua estraña (e incluso quizais por desprestixiada no eido científico) e os lusófonos por presentar unha ortografía e léxico alleo. Agora ben, pensamos que o problema ortográfico pode ser menor se os investigadores que se acheguen aos nosos estudos comprenden o texto ao utilizar unha terminoloxía similar. Un exemplo claro disto sería a diferenza de nivel de comprensión, para un especialista, entre un texto técnico da súa área e un literario nunha lingua considerada franca como o inglés.

4. CRÍTICA DA SITUACIÓN ACTUAL

Na introdución deste traballo describiamos a situación do galego no campo léxico dos deportes, non así da EF, da que non hai ningún traballo de lexicografía específica publicado. Esta situación compléméntase coa inexistencia de liñas editoriais claras nestes ámbitos, fóra da desaparecida Editorial Lea. Esta editorial botara a andar nos anos noventa do século pasado a Biblioteca Básica do Deporte, colección que contaba cunha importante subvención da Xunta de Galicia, pero que practicamente non tivo distribución comercial. Xunto con esta, dentro da EF escolar houbo tres editoriais que se interesaron por elaborar manuais en galego. Unha delas, Baía Edicións, tan só publicou o manual para o primeiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Outra editorial pioneira foi Galinova Editorial, que mantén a edición de manuais para os catro cursos da ESO. Por último, existe unha última editorial, Kip Ediciones de Salamanca, que mantén no seu catálogo un manual de EF en galego conxuntamente para 1º e 2º da ESO.

Foi precisamente falando no ano 2009 cun dos autores dos libros anteriores, cando me percatei dun dos problemas que presenta hoxe en día o léxico do campo da EF e o deporte. Neste sentido, ante as miñas preguntas sobre como solucionara os problemas léxicos (xa que na nosa formación universitaria non tiveramos este tipo de contidos), a referida autora comentábame que o deixara en mans do servizo de asesoramento lingüístico da editorial. Comen-

taba ademais de forma irónica que, nalgún caso, tivera fortes reticencias ás súas propostas, poñendo como exemplo o termo *barriga da perna* que os asesores recomendaban como tradución do termo anatómico español *gemelos* (músculos da parte posterior-superior da perna), cando, en realidade, a *barriga da perna* está composta anatomicamente por máis músculos (fundamentalmente *sóleo* e *xemellos*).

Este exemplo quedou dando voltas na miña cabeza ata que comprendín que a proposta da asesoría correspondería en castelán con *pantorrilla*, co que se pretendía un uso dun termo patrimonial e coloquial ao non existir outro de tipo técnico reconecido como é agora o caso de *xemellos*. Con isto, púñase de relevo a importancia da participación dos profesionais da EF e do deporte na construción do seu léxico específico.

O anterior ponse de manifesto máis claramente se reparamos na, ao noso parecer, arbitrariedade coa que se construíron os primeiros vocabularios presentados na introdución e que foron a base sobre a que se desenvolveu o vocabulario coloquial a través da influencia dos medios de comunicación.

Temos que recordar que até os anos 80 non existiu ningún tipo de escrita en galego referida especificamente ao ámbito deportivo e moito menos no eido da EF³, e os poucos usuarios do galego neste ámbito tomaban directamente do español os termos que necesitaban, creando deste xeito un léxico deportivo “castelanizado” de tipo coloquial.

En concreto, os casos de Novo Folgueira (1988, 1998) e Pérez Froiz (2006) semellan máis vocabularios válidos para periodistas deportivos necesitados de termos cos que desenvolver o seu traballo, que propostas realizadas coa intención de construír un léxico dos deportes. Mostra disto é a inclusión de numerosos termos sen relación directa co deporte, como poden ser *doutor*, *envexa*, *erbedeiro*, *faltriqueira*, *gando*, *quilómetro* etc. De feito, foi

3 O eido do deporte, pero sobre todo da EF estivo en noso país moi mediatizado politicamente ao ser os responsábeis do seu ensino nos institutos maioritariamente profesorado procedente do contorno de “Falange”, xa que tanto a EF coma o deporte estaban dentro da estrutura da “Secretaría General del Movimiento”, e eran consideradas como pezas clave na construción do imaxinario social do franquismo (Herrero 2002).

precisamente a irrupción da Radio Televisión de Galicia a que motivou a elaboración dos mesmos⁴.

Ademais, nestes textos podemos encontrar abondosos termos que parecen traducións directas do castelán como *bocadiño* por *bocadillo* (Novo 1988) ou tecnicismos mal conceptualizados, coma considerar como sinónimos *canear*, que en español se refire en concreto só á acción de *regate* en fútbol (e que por ampliación podería englobar as accións técnicas de condución do balón noutros deportes), e *fintar*, que representa calquera tipo de acción práctica individual para crear confusión e incerteza no opoñente, podendo ser esta tanto na condución do balón coma no pase ou lanzamento (Pérez 2006).

Con estas bases chegamos á posibilidade de xeneralización do ensino en galego en todas as materias do ensino regulado a partir da *Lei 3/1983 de Normalización Lingüística*. Os que comezamos a nosa carreira profesional en galego despois dunha formación inicial unicamente en español topámonos de súpeto cunha realidade non esperada: non tiñamos léxico ao que acollérmonos. A forma máis doada era, certamente, unha tradución literal do castelán, pero esta non sempre era posíbel. Como traducir *espaldera*⁵ ou *sentadilla*⁶? Obviamente non era recomendábel empregar *costeira* ou *sentadela*, o que motiva aínda máis a necesidade do léxico, xa que este tipo de vocabulario normalmente non é utilizado polos xornalistas e polo tanto non están “baixo o amparo da RTVG” que foi inicialmente o ente dinamizador do desenvolvemento léxico no ámbito deportivo.

A partir do ano 2000 comezan a aparecer os primeiros manuais en galego que antes citamos, pero a falta dun léxico propio fai de novo que se recorra, como norma, á tradución directa do español. Tanto é así que esta tendencia aparece en termos para nada

4 Paulino F. Novo Folgueria foi asesor lingüístico da RTVG entre os anos 1985 e 2003. Segundo as súas palabras en correo electrónico persoal, as súas publicacións do 1988 e 1998 “corresponden a un momento no que non había nada, tampouco no deporte, e tocaba dotar a lingua de material lexicográfico en todos os eidos”.

5 Material a xeito de escada de madeira fixada á parede típico dos ximnasios escolares.

6 Exercicio de autocarga para o fortalecemento do cuadríceps.

xeneralizados na poboación (como por exemplo o material específico ou deportes minoritarios), obviando incluso os principios das NORMIG da RAG (2003) en canto ao arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, no que, segundo estas normas, debería considerarse o portugués recurso fundamental (sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego). Así, por exemplo, no libro de Mosquera Escudero e Selas Díez (2008) aparece *tirolina* como equivalente do español *tirolina*, pasando por alto a opción portuguesa *tirolesa*. Sucedería o mesmo ao preferir o termo *oito dobre enliñado* como tradución do nó denominado en español *ocho doble cosido*, en vez da opción portuguesa tamén válida para a norma galega *oito duplo (feito) pelo chicote*, co agravante de que, para un lector portugués, podería causar confusión con outro nó distinto. É máis, no caso de existir dúas opcións optouse habitualmente pola máis próxima ao español, coma por exemplo no caso do termo *chaleco* fronte a *colete*, ambas aceptadas no dicionario da RAG; ou *rappel* fronte a *rapel*. Tanto é así que nesta obra aparece algún termo como *estiramento* xa considerado como incorrecto incluso no vocabulario de Pérez Froiz (2006). Para nós este vocábulo debe cambiarse por *alongamentos*, forma idéntica á portuguesa e que xa existía a nivel coloquial dentro dos deportistas galegos hai máis de trinta anos, sendo desprazada polo termo español.

5. A XEITO DE CONCLUSIÓN

A realidade da EF e do deporte está a demandar desde os anos oitenta do século pasado a posibilidade do uso do galego no seu ámbito. As poucas respostas que xurdiron neste tempo parece que viñeron motivadas máis pola urxencia (aparición da RTVG, publicación de manuais de EF en galego etc.) que por unha reflexión pausada das consecuencias que as opcións tomadas puideran ter. Este feito implica que, a día de hoxe, a maior parte dos termos específicos fosen tomados da tradución directa do español, o que distancia a nosa lingua do padrón portugués. Ademais, todo isto ten como consecuencia:

- un entorpecemento da difusión dos estudos científicos que neste ámbito se puidesen desenvolver en galego,
- en relación co anterior, ao ter unha difusión restrinxida ao ámbito galego, os investigadores rexeitarán a utilización do galego nos seus estudos,
- dificúltase a aprendizaxe da lingua portuguesa aos estudantes galegos, que teñen que aprender tres termos diferentes para un mesmo concepto: un galego próximo ao español, outro español e, finalmente, un portugués,
- por último, no caso de querer modificar un termo previamente adoptado pódese favorecer un rexeitamento cara á lingua galega, ao vela como arbitraria e un “construto academicista” afastado da realidade.

En atención a esta última consecuencia pensamos que é urxente a abordaxe dunha proposta de vocabulario do campo da EF e do Deporte sería desde o punto de vista científico, artellada coa realidade lingüística da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa e na que deberían estar implicados, ademais dos expertos en lexicografía, os técnicos e profesionais que usan este campo léxico. A supervivencia da lingua está na súa capacidade de adaptación ás novas realidades, co que, se pretendemos que a nosa lingua perdure as *mil primaveras máis* cunqueiranas, todos temos que chegar o noso coñecemento, non podemos esperar máis.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Villar, Noemí (2007): “Léxico deportivo en lingua galega: os préstamos no fútbol”, *Interlingüística* 17, 130-139.
- Álvarez Villar, Noemí *et al.* (2010): *Vocabulario: no meu mar, na miña lingua*. Rianxo: IES Félix Muriel.
- Cagigal, José María (1985): *Deporte, espectáculo y acción*. Barcelona: Aula Abierta Salvat.
- Célestin, Tina e Xavier Darras (coords) (2012): *Vocabulaire palatin du vélo*. Québec: Office québécois de la langue française. Disponible en https://www.oqlf.gouv.qc.ca/ressources/bibliotheque/dictionnaires/panlatin_velo2012.pdf [15/07/2014].

- Comissom Lingüística da Asociación de Estudos Galegos (2016a): *Dicionário galego do basquetebol*. [Ferrol]: Asociación de Estudos Galegos. Dispoñible en https://issuu.com/aestudosgalegos/docs/dic_basquetebol [19/03/18].
- (2016b): *Dicionário Galego do Futebol*. [Ferrol]: Asociación de Estudos Galegos. Dispoñible en https://issuu.com/aestudosgalegos/docs/dgdf_2ed?embed_cta=download&embed_context=embed&embed_domain=www.aeg.gal&embed_id=23037304%252F32929243 [19/03/18].
- Comissom Lingüística da AGAL (2015): *Dicionário galego do futebol*. Santiago de Compostela: Asociación Galega da lingua. Dispoñible en <http://www.agal-gz.org/corporativo/images/stories/pdf/dicgalfut.pdf> [19/03/18].
- DRAG = González González, Manuel (dir.) (2012-): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <https://academia.gal/dicionario> [19/03/2018].
- Fernández Salgado, Benigno (1988a): “Vocabulario galego do fútbol”, *Educación en Galicia* 0, 20-22.
- (1988b): “Xogando ó basquet. Vocabulario galego-castelán-francés de baloncesto”, *Educación en Galicia* 2, 19.
- Galego.org. (2001): *Terminoloxía de fútbol*. <http://galego.org/vocabularios/futbol.html> [10/07/2014].
- Garrido, Carlos (2011): *Manual de galego científico*. Ourense: Através Editora.
- Herrero, H. (2002): “Por la educación hacia la revolución: La contribución de la Educación Física a la construcción del imaginario social del franquismo”, *Revista Internacional de Medicina y Ciencias de la Actividad Física y el Deporte* 2 (4), 21-36. Dispoñible en <https://repositorio.uam.es/handle/10486/3794?show=full> [22/07/2014].
- Ledo Cabido, Bieito (ed.) (2004): *Digalego. Dicionário de Galego*. Vigo: IrIndo; Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en <https://digalego.xunta.gal/gl> [consultado o 19/03/2018].
- Mosquera Escudero, Laura e Sebastián Selas Díez (2008): *Educación Física 4ºESO*. A Coruña: Galinova Editorial.

- Novo Folgueira, Paulino (1988): *Vocabulario elemental dos deportes*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (1998): *Vocabulario do deporte*. Santiago de Compostela: Lea.
- Pérez Froiz, Salvador (2006): *Profesionaliza a túa lingua. Deportes*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Real Academia Española (2001): *Diccionario de la lengua española*. 22ª edición. Madrid: Espasa. Disponible en <http://www.rae.es/recursos/diccionarios/drae> [10/07/2014].
- Santamarina, Antón (dir.) (2006-2013): *Diccionario de diccionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Vigo: Instituto da Lingua Galega / Universidade. Disponible en <http://sli.uvigo.es/DdD/> [10/07/2014].
- Universidade de Santiago de Compostela. Servizo da Normalización Lingüística (2014a): *bUSCatermos* [web]. Santiago de Compostela: Universidade. Disponible en <https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/index.htm> [10/07/2014].
- (2014b): “Os idiomas nas teses de 2018”, *O Cartafol Dixital* 28/II/2019. Disponible en http://ocartafol.usc.gal/cartafol/contidos/novas/novas_0332.html [01/10/2019].
- Vázquez Morandeira, Gerardo (2012): *A prensa deportiva en Galicia. Historia, modelos e tipoloxía (1909-2009)*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento. Disponible en <http://hdl.handle.net/10347/6261> [08/07/2014].
- Xunta de Galicia (1983): “Lei 3/1983 de Normalización Lingüística”, *Diario oficial de Galicia* 84 [14/VII/1983].